

En 1836, a desamortización de **Mendizábal** tivo como principal motivación a *procura de recursos para financiar a Guerra Carlista* (A desamortización servirá de aval para obter créditos de Gran Bretaña co fin de armar un exército e gañar a guerra).

Desde o punto de vista social, a desamortización pretendía tamén *crear unha masa de propietarios, das terras desamortizadas da Igrexa, defensores do Liberalismo*.

En 1855, a desamortización de **Madoz** buscaba *financiar a construción do ferrocarril*.

En canto ás desamortizacións liberais do reinado de Isabel II, sóense clasificar en **desamortizacións eclesiásticas**, a de Mendizábal do clero regular (mosteiros e conventos), a de Espartero do clero secular, ás que hai que engadir a **desamortización xeral** de Madoz, que, ademais dos que quedaban por desamortizar da Igrexa, inclúe como bens desamortizados os bens dos concellos (comunais e propios).

DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL. TERRAS CLERO REGULAR. 1836

Nos primeiros anos da Rexencia de María Cristina, durante o goberno do progresista Mendizábal vaise levar a 1ª desamortización do reinado de Isabel II no contexto da 1ª Guerra Carlista. Póñense en venda terras, casas coas súas pertenzas: obras de arte, libros...de **mosteiros e conventos**, é dicir, do clero regular (dominicos, beneditinos...), **admitindo para o seu pagamento títulos da débeda** (aportábase unha entrega inicial e o resto pagábase a prazos, 8 anos se se pagaban en títulos da débeda e en 16 se en metálico)

En canto ós obxectivos da Desamortización, a causa inmediata é a procura de recursos para financiar a guerra carlista. Outros obxectivos da Desamortización foron *sanear a Facenda, eliminar débeda pública e servir de aval para solicitar préstamos ó estranxeiro para financiar a guerra. Converter a propiedade eclesiástica (mans mortas) en propiedade libre e achegar a Igrexa ó réxime liberal co compromiso do Estado de manter o culto e clero católico*. Desde o punto de vista social e político, pretendía *crear unha masa de propietarios afíns ó Liberalismo*.


Os beneficiados da Desamortización foron a nobreza terratenente e a burguesía adiñeirada que posúe títulos da débeda. O principal **prexudicado é a** Igrexa que perde unha importante cantidade de terras e patrimonio.

A Desamortización continúa durante a rexencia de Espartero (1840-1843). Entre 1844 e 1845 os moderados paralizarán a Desamortización e acabrán por devolver á Igrexa as terras non vendidas.

DESAMORTIZACIÓN DE ESPARTERO. CLERO SECULAR. 1841

Durante a Rexencia de Espartero, puxéronse en venda os bens do clero secular (catedrais e igrexas). O **obxectivo que se pretendía acadar coa desamortización dos bens do clero secular era poder atender ó mantemento** do culto e clero da Igrexa católica, compromiso recoñecido na Constitución de 1837. A desamortización quedou paralizada polo goberno moderado desde 1844.

Os beneficiados e prexudicados da Desamortización de Espartero foron os mesmos que na Desamortización de Mendizábal, é dicir, beneficiáronse membros da burguesía urbana e a nobreza terratenente e sendo a gran prexudicada a Igrexa Católica.



DESAMORTIZACIÓN DE MADOZ. DESAMORTIZACIÓN XERAL. 1855

No período do Bienio Progresista (1854-1856) aprobaranse as 2 medidas económicas máis importantes do reinado de Isabel II, a Lei de Ferrocarrís e a Desamortización Xeral de Madoz. Entre os obxectivos desta desamortización hai que destacar o de **completar a desamortización eclesiástica e desamortizar os bens de concellos (proprios e comúns.** As terras de propios eran as terras alugadas polos concellos a particulares e que supuña un importante ingreso para os concellos. As comunais eran terras que estaban a libre disposición dos veciños que as podían cultivar ou aproveitarse dos pastos). Outros obxectivos da Desamortización eran **financiar a construción do ferrocarril e contribuír á industrialización de España.**

Os bens eran vendidos en poxa pública e o pago só podía ser en metálico, pois non se admiten os títulos de débeda (admitíase o pago en prazos). Debido ás grandes extensións que ocupaban as terras de comúns e propios no *Centro e no Sur da Península*, nestas zonas producírase un reforzamento do latifundismo


Incrementouse o número de beneficiados e de prexudicados. Entre os **beneficiados** estarían a *nobreza terratenente e burguesía adiñeirada, militares, funcionarios, propietarios rurais, comerciantes...* Entre os **prexudicados**, a Igrexa (que ve como se completa a desamortización dos seus bens), os *concellos* (que se ven privados dos ingresos obtidos polo aluguer das terras de propios) e os *campesiños pobres e xornaleiros* (privados das terras comúns, fundamentais para a supervivencia das familias).

O proceso de Desamortización continuou durante o resto do s. XIX.

. **Propietarios e valor dos bens desamortizados entre 1836 e 1867 (en millóns de reais):**

PERÍODO	CLERO	BENEFICENCIA	CONCELLOS	OUTROS	TOTAL
1836-1844	3.447	0	0	0	3.447
1855-1856	324	167	160	116	767
1858-1867	1.253	461	1.998	438	4.150
TOTAL	5.024	628	2.158	554	8.364

Fonte: Gabriel Tortella Casares, El desarrollo de la España Contemporánea. Historia económica de los siglos XIX y XX, Madrid, Alianza, 1994



Consecuencias:

En canto ás consecuencias das desamortizacións, podemos destacar as **políticas**, en canto que os novos propietarios das terras desamortizadas da Igrexa apoiarán o sistema liberal, fronte ós defensores do Antigo Réxime como os carlistas. Mendizábal conseguirá os créditos de Gran Bretaña que permitirán armar un exército e gañar a Guerra Carlista. As Desamortizacións suporán a rotura de relacións diplomáticas dos gobernos progresistas co Vaticano. Os moderados, partidarios da confesionalidade do Estado e da Igrexa Católica, sempre paralizan as desamortizacións que promoven os progresistas.

Como principais **consecuencias económicas** deberíase destacar a implantación da propiedade privada plena e absoluta; o incremento da produción agraria ó poñerse en cultivo grandes extensións de terras antes incultas (bens de propios e comunais), incrementando a produción de trigo e vide, o que supuxo aliviar a carestía dos alimentos; e tamén conseguírase financiar a construción do ferrocarril.

Sen embargo, algúns dos obxectivos que se pretendían non se van conseguir. *Non se logrou reducir o déficit de Facenda*, non se levou adiante unha *reforma agraria* pois non se produce ningunha modificación da estrutura da propiedade (so se produce un cambio de donos) e nin se cambian nin se modernizan os sistemas de cultivo. Ademais, cúlpase á desamortización de *retrasar a industrialización* en España ó destinar recursos financeiros á compra de terras e non ó investimento en actividades industriais.

En canto ás consecuencias sociais, as desamortizacións *benefician* ós *terratenentes e á burguesía urbana*, mentres que *prexudica* á *Igrexa e os concellos* que se verán arruinados ó verse privados das terras comunais e de propios, e como consecuencia incrementábase a *proletarización de campesiños e xornaleiros*, privados do uso das terras comunais, fundamentalmente no S. de España.

No eido cultural, a principal consecuencia foi a perda de patrimonio cultural e relixioso da Igrexa Católica. edificios, obras de arte...

CONCLUSIÓN

A repercusión da desamortización en Galicia foi mínima. Os bens dos concellos desamortizados foron escasos, pois a maioría das terras comunais eran dos veciños e as terras de propios, as alugadas polos concellos eran escasas. En Galicia non se implanta a propiedade individual, libre e plena, só un 8% do desamortizado converteuse en propiedade plena, o 92% son rendas desamortizadas. O sistema foral vaise manter, os campesiños non son privados do dominio útil, continuarán a cultivar as terras e o acceso á propiedade por parte de todo o campesiñado galego demorárase ata a Ditadura de Primo de Rivera en 1926 coa Lei de redención dos foros.

Se facemos unha valoración, a Desamortización consegue instaurar o réxime de propiedade capitalista en España, pero deixará pendente a necesidade dunha verdadeira Reforma Agraria, ó empeorar a situación dos pequenos campesiños e xornaleiros, por non aplicarse fórmulas como a proposta por Flórez Estrada (enfiteuse 50 anos a campesiños, período tralo que poderían acceder á propiedade da terra).

DESAMORTIZACIONES REINADO ISABEL II

	MENDIZÁBAL. 1835-1836	ESPARTERO. 1841	MADOZ. 1855
CONTEXTO HISTÓTICO			
GOBERNO PROGRESISTA			
OBXECTIVOS			
BENS DESAMORTIZADOS			
MECANISMO LEXISLACIÓN			
FORMA DE PAGO			
BENEFICIARIOS			
PREXUDICADOS			
CONSECUENCIAS			

	Mendizábal (1835-36)	Espartero (1841)	Madoz (1855)
GOBERNO PROGRESISTA	Xefe de goberno. Lazos con financeiros británicos	Vencedor Guerra Carlista. Rexente de Isabel II (1840-3)	Ministro de Facenda durante o Bienio Progresista (1854-1856)
OBXECTIVOS	-Impulsar Guerra Carlista -Aliviar a débeda pública -Obter créditos en G.Bretaña -Conseguir novos propietarios defensores do Liberalismo -Incrementar produción agraria	- Continuar as medidas de 1837 que pretendían acadar recursos para o mantemento do culto e clero	-Solucionar problemas de Facenda -Rematar Desamortización relixiosa -Financiar construción do Ferrocarril
BEN DESAMORTIZADO	Bens do Clero Regular	Bens do Clero Secular	Bens da Igrexa sen desamortizar Bens do Estado Bens de Concellos
MECANISMO	Decreto 1835: Supresión ordes relixiosas. Bens nacionais. Decreto 1836: Posta a venda dos bens en poxa pública	Decreto 1841: Pon a venda os bens do clero secular, declarados bens nacionais.	Decreto 1855: Pon á venda todas as terras amortizadas
FORMA DE PAGO	En metálico. Títulos da Débeda Pública	En metálico Títulos Débeda (ata 90%)	So en metálico Non se permiten Títulos Débeda
BENEFICIARIOS	Grandes propietarios Burguesía	Grandes propietarios Burguesía	Alta burguesía, Burguesía
PREXUDICADOS	Igrexa	Igrexa	Igrexa, Concellos Campesiños
CONSECUENCIAS	Garantía para créditos G. Bret Armar exército e gañar Guerra Carlista Igrexa perde patrimonio econ. e artístico Non se saneou a Facenda	Escasa incidencia: Paralizada polos moderados en 1844	Ruína dos concellos Proletarización dos campesiños Financia o Ferrocarril Non se saneou a Facenda